

Comunicación. As redes asociativas como experiencias de dinamización cultural no rural galego. Un estudo da “Rede Comunitaria Local”.

Autoras:

- Julio Esparís Pereiro. Universidade de Santiago de Compostela.
(julio.esparis.pereiro@usc.es)
- Raquel Barreiro Ponce de León. Universidade de Santiago de Compostela.
(raquel.barreiro@rai.usc.es)

Eixo temático: D. Educación, Cultura e Pedagogía Social

Resumo

O asociacionismo constitúe un pilar imprescindible e, en moitos casos, indispensable para a dinamización da vida comunitaria en Galicia; especialmente, naqueles contextos de carácter rural cunha alta dispersión xeográfica e con carencia de recursos humanos ou materiais. A realidade segue a estar moi diferenciada en función do contexto xeográfico, así como da importancia institucional do asociacionismo a nivel local como estratexia para a intervención cultural ou social.

Así, e partindo dun traballo académico realizado por un grupo de alumnas do Grao en Educación Social da Universidade de Santiago de Compostela, preténdese por en valor as redes comunitarias en favor do desenvolvemento dunha comunidade concreta; de tal modo que tomando como punto de partida unha análise DAFO deste contexto, evidenciáronse as principais debilidades do territorio entre as que destacaba a falta dun tecido asociativo forte e o escaso número de entidades; ao que se engadía un ámbito de actuación moi limitado e unha escasa intervención conxunta e coordinada entre elas.

Tomando isto como referencia, contouse coa colaboración do persoal técnico municipal vencellado ao ámbito da cultura, establecendo reunións periódicas con entidades locais a fin de reactivalas, dar a coñecer o traballo que desenvolvían, así como crear unha entidade coordinadora para actuar no territorio considerando as necesidades do contexto e tratando de responder ás expectativas culturais e educativas. Isto posibilitou unha forma de traballo horizontal e en rede, baseada nos intereses da cidadanía e das propias entidades, que foron quen de mobilizar a gran parte da poboación, proporcionando alternativas de lecer local autoxestionada pola propia veciñanza; unha experiencia con interese pedagóxico non so polos resultados exitosos e satisfactorios que se acadaron, senon polo proceso que comportou.

Esta rede de asociacións permitiu reactivar aquelas que estaban practicamente extintas, diversificando o seu ámbito de actuación e deseñando iniciativas educativas e culturais multidisciplinares que puideran abranguer as diferentes realidades dun xeito coordinado. A súa implementación fomentou a revalorización do traballo da propia comunidade; impulsando un sentimento de pertenza que se estendeu a gran parte da veciñanza, que foi quen de implicarse nos diferentes procesos que se estaban a xerar.

Neste senso, quérese salientar a potencialidade dos proxectos ou traballos académicos centrados en contextos reais para contribuir a analizar as diferentes realidades e facer partícipes á veciñanza e ao tecido asociativo da importancia de visibilizar e difundir as iniciativas que implementan en aras de promover o mellor o desenvolvemento das comunidades locais.

Referencias bibliográficas

Ferreira, J.P., Pose, H., e De Valenzuela, A.M. (2015): El ocio cotidiano de los estudiantes de Educación secundaria en España. *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, 2015, 25, pp. 25-49

Trilla, J. (s.f): Tres pedagogías del ocio y otra mas. *Educación Social*, 11, pp. 54-71

Proxectos educativos das asociación que compoñen a entidade (non dispoñibles na rede nin en ningún tipo de arquivo. Consultados directamente coa entidade para a realización desta comunicación).